



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000011

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos, do día trinta de marzo de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 166 de data 29 de marzo/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria e inclúene un asunto Fóra da Orde do Día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23. 03.23 (ORDINARIA) .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 23.03.23 queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistente á mesma).

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR:

“Expte: 87/2022. Tedec: 2022/U022/000010

.- Expte. de obras 87/2022.- (representada por Enrique Freire Hermida).- Para as obras de **reforma e ampliación de vivenda unifamiliar** situada no **Lugar de** parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño (referencia catastral n.º 15088A036000180001JS).

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto Básico e de Execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar achegado o 20/05/2022 e visado o 11/05/2022, redatado polo arquitecto Francisco Lera Fernández.

- Modificacións de Proxecto Básico e de Execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar, planos P01m, P03m, P04m, P05m, P06m, P07m, P15m, P16m e P17m, achegados o 29/12/2022 e visados o 02/11/2023, redactados polo mesmo arquitecto.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Francisco Lera Fernández, achegado o 20/05/2022 e visado polo correspondente colexio o 11/05/2022 e Oficio de Dirección de Execución da obra e Coordinador de seguridade e Saúde de arquitecto técnico a nome de [REDACTED] achegado o 20/05/2022 e visado polo correspondente colexio o 19/05/2022.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como SOLO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 17/03/2023 que se emite en sentido FAVORABLE

E Visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 23/03/2023 en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] (representada por [REDACTED]) a **licenza municipal de obras para a reforma e ampliación de vivenda unifamiliar** situada no Lugar de [REDACTED] parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño (referencia catastral n. [REDACTED]).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto [REDACTED] e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 14 de marzo de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxas 479,90 €. ICIO.- 2.207,55 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

3º.- INFORME DO DIRECTOR DE OBRA: “SANEAMIENTO E BOMBEO EN MONTEFARO”.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de informe técnico de don Carlos Antelo Martínez, director da obra “Saneamento e bombeo en Montefaro” (Expte. Contratación 2021/C003/000003), no que di:

“... ”

A la fecha actual “no se inicio la obra”. Por lo que a nuestro entender, procede la resolución del contrato, ya que inciden dos causas sobre la posible rescisión del contrato, ambas recogidas en el art. 211, punto 1, apartado f) y d) de la Ley 9/2017 CSP.

Por un lado el incumplimiento de la obligación principal del contrato coincidente con la prestación principal que constituye su objeto. Y otro, la demora en el incumplimiento de los plazos sin justificación por parte del contratista que superan en un plano superior a 1/3 del tiempo de duración inicial del contrato.

Es nuestro criterio proceder a la “resolución de contrato” por parte de la Administración, así como a la “incautación de la garantía” por el incumplimiento por parte del contratista al amparo de la citada Ley 9/2107 CSP.

“... ”

A Xunta de goberno local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, ACORDA, tomado en consideración o informe precedente, solicitar informe xurídico para o expediente de resolución do contrato coa empresa SYR-AMG, S.L.

4º.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO DA OBRA: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS PÁDEL CUBERTAS NO ESPAZO DEPORTIVO DE ATIOS.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Expte 2021/C003/000004.- Expte contratación

Expte 2023/C008/000001.- Resolución contrato.

Contrato obras: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PISTA POLIDEPORTIVA E DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS NO ESPAZO DEPORTIVO ATIOS.

Visto e examinado o expediente enriba referenciado,

Antecedentes

A obra licitouse cun procedemento de contratación aberto, cun único criterio de valoración que foi o factor prezo e tramitación ordinaria.

Axudícase en Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 02.12.21 a empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. (único licitador) por un importe de 201.276,77 € (prezo sen IVE) , 42.268,12 € (IVE); un Total de 243.544,89 €. O prazo de execución: 6 meses.

En data 11.01.2023 co núm. de rexistro de entrada 20239990000033 recíbese solicitude da empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. para a resolución do contrato por mutuo acordo pola inflación xerada no país pos-pandemia non lle é viable nin coa revisión de prezos.

Examinada a documentación que acompaña, e de conformidade co establecido nos artigos 190, 191 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, do Contrato do Sector Público, polo que se traspoñen o ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014,

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 26 de xaneiro de 2023, acorda incoar o procedemento para acordar, se procede, a resolución do contrato da obra referida. O que conleva aos efectos correspondentes de conformidade co establecido nos artigos 213 e 246 da LCSP e que polo director de obra se emita informe sobre os feitos que poden ser causa da resolución do contrato así como sobre os efectos da mesma e que se emita correspondente informe sobre procedencia da devolución de aval.

En data 28.02.23 rexistro 202399900000338, Victoria Alonso Caeiro, directora da obra emite informe no que di, entre outros:

“ ...

*.-Teniendo en cuenta lo solicitado por la empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A, se plantea la resolución del contrato por mutuo acuerdo, al amparo del artículo 211.c) de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por el que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento europeo y del Consejo 214/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 (en adelante LCSP),

*.- Según el artículo 212.4 de la LCSP, la resolución por mutuo acuerdo *“sólo podrá tener lugar cuando no concurra otra causa de resolución que sea imputable al contratista, y siempre que razones de interés público hagan innecesaria o conveniente la permanencia del contrato”*.

*.- La crisis del COVID-19 y la actual guerra de Ucrania han provocado directa e indirectamente una magnitud y un alza en los precios de las materias primas indispensables para la realización de la obra e imprevisible en el momento de la licitación de la misma.

*.- Teniendo en cuenta lo indicado en el apartado anterior y no considerando otra causa de resolución imputable al contratista, concurre el primer requisito mencionado en el artículo 212.4 de la LCSP y en cuanto al interés público, pretendiendo garantizar la ejecución completa de la obra de forma satisfactoria, esta Directora considera procedente la resolución del contrato de mutuo acuerdo y cuya conformidad de la empresa queda expresada mediante el escrito con número de entrada 20239990000033.

*.- Asimismo, se hace constar que, desde el 21 de enero de 2002, fecha en la que se firma el acta de replanteo, la obra se encuentra ejecutada al 0,00%.

*.- En cuanto a los efectos de la resolución del contrato de mutuo acuerdo “*los derechos de las partes se acomodarán a lo válidamente estipulado por ellas*” tal y como se indica en el artículo 213.1 de la LCSP.

...”

En data 12.03.23 emitise informe xeral de secretaria municipal sobre resolución do contrato.

O prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación da citada obra especifica no seu punto 39.- que as casuas de resolución do contrato serán as establecidas nos artigos 211 da LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212, 213 e 248 da LCSP.

Considerando que o artigo 212 da LCSP de 2107, establece que a resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista (neste caso a instancia do contratista).

O artigo 213 da LCSP establece que cando a resolución se produza por mutuo acordo, os dereitos das partes acomodaranse ao válidamente estipulado por elas e que en todo caso o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da pérdida, devolución ou cancelación da tantía, que no seu caso, se constituira.

Existe un limite ao acordo de resolución por mutuo acordo que é a non existencia de causa de resolución concurrente imputable ao contratista. Ademais se exige que razóns de interese público faigan incesaria ou inconvincente a permanencia do contrato (artigo 212.4).

Á vista dos antecedentes expostos e dos informes emitidos,

Esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Polos motivos expresados nos antecedentes, resolver o contrato de obras indicado por mutuo acordo das partes, e por razóns de interese público que fan innecesaria e inconvincente a permanencia do contrato.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía constituída polo contratista, e ordenar o pagamento, en caso de conformidade do informe de intervención.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e á dirección da obra; dando coñecemento aos servizos económicos para os efectos debidos.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

5º.-ADJUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA REDACCIÓN DE INFORME TÉCNICO-ECONÓMICO EN RELACIÓN AO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS DOMÉSTICOS E LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

INFORME DE NECESIDADE E PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Visto o Expediente 2022/C004/000002 referido á licitación e contratación do servizo de recollida de residuos sólidos domésticos e limpeza viaria no Concello de Valdoviño.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo do Concello de Valdoviño é preciso dar cumprimento a esixencia establecida no artigo 130 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas de revisar (...) periodicamente as normas vixente para adaptadas aos principios de boa regulación e para comprobar a medida na que as normas en vigor conseguiron os obxectivos previstos e se está xustificado e correctamente cuantificado o custo e cargas impostas en elas.

Así as cousas, a Providencia de Alcaldía asinada en data 20 de marzo do 2023 insta aos servizos administrativos competente á tramitación do procedemento legalmente establecido para a aprobación, se procede, polo Pleno da Corporación da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo no Concello de Valdoviño, publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia núm. 267 do 20 de novembro do 1999.

En cumprimento do establecido no artigo 118.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, na súa redacción dada polo Real Decreto Lei 3/2020, do 4 de febreiro, esta Alcaldía emite o seguinte INFORME PROPOSTA para xustificar os seguintes extremos:

O Concello de Valdoviño ten a necesidade de modificar o financiamento total ou parcial do novo servizo de recollida de residuos sólidos domésticos e limpeza viaria, cuxo acordo deberá adoptarse á vista de informes técnico-económicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custe de aquel, conforme o disposto no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas e ao impulso da actividade económica.

Polo tanto, a contratación proxectada pretende satisfacer a necesidade de realizar un informe técnicoeconómico considerando os custos do servizo de recepción obrigada, para así determinar un importe medio que permita a cobertura do custo do servizo prestado polo adxudicatario.

O orzamento para a elaboración do informe técnico-económico ascende a 3.000,00 € (IVE excluído).

Polo tanto, ao ser o seu valor estimado inferior a 15.000,00 €, o contrato menor, dada a natureza do servizo, esta Alcaldía estima máis adecuado que a utilización de calquera outros dos previstos na vixente Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A vista do anterior, a contratación que se pretende non altera o obxeto do contrato para evitar a aplicación dos principios da contratación pública nos umbrais establecidos.

Queda acreditada a existencia de crédito pois consta na contabilidade do orzamento de gastos municipais a retención de crédito número 220230000473 por importe de 3.630,00 €

(IVE engadido) con cargo á aplicación orzamentaria 1621.22706 referida ao estudo e traballo técnico para á redacción do oportuno informe requirido polo referido artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola Lei 16/2012, do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas e ao impulso da actividade económica.

Conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, así como o disposto no artigo 118 en relación ca Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público tendo en consideración o establecido no Decreto 229/2019, esta Alcaldía

RESOLVE

Primeiro.- Autorizar o correspondente gasto por importe total de 3.000,00 € (IVE excluído) para a redacción do oportuno informe técnico-económico no que se poña de manifesto o valor de mercado ou a previsible cobertura do custe real do servizo de recollida de residuos sólidos domésticos e limpeza viaria no Concello de Valdoviño.

Segundo.- Adxudicar o contrato menor a ESTRATEGA CONSULTING S.L. con C.I.F. núm. B15946700 por importe total de 3.000,00 € (IVE excluído) para a realización do estudo técnico-económico do custo e rendemento do servizo de recollida de residuos sólidos domésticos e limpeza viaria no Concello de Valdoviño aos efectos de modificar a cota tributaria establecida na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Intervención municipal e a Tesourería municipal aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

6º.- PARTICIPACIÓN EN CONVOCATORIA PARA AXUDAS DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-

Vista a *ORDE ORDE do 6 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento PL400A)*

PROPONSE :

Participar en dita convocatoria para programar actividades na modalidade de axuda de “desenvolvemento de dinamización lingüística dunha entidade local carente de servizo lingüístico”.

A actividade será planificada conxuntamente por varias áreas do Concello de Valdoviño entre as que se encontran cultura e servizos sociais. Consistirá nun programa para incentivar o prestixio e uso da lingua galega asociada ao fenómeno neofalante, á creación cultural e produtiva da zona e á adquisición e fomento do galego como lingua social nas familias da contorna.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 27 de MARZO de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”.

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

7º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENENCIA DE ANIMAL POTENCIALMENTE PERIGOSOS; INSTADA POR CAROLINA SENRA RODRÍGUEZ.-

Proposta de Alcaldía:

“Expte. 2023/R002/000005

Vista a instancia de dona [REDACTED] formulada en data 23 de marzo de 2023, rexistro xeral de entrada núm. 202300000000941 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a dona [REDACTED] cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron a interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso ao interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA O MARXE/

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Pola Presidencia anunciase a presentación do seguinte expediente de obras fóra da orde do día por mor de que está preparada a proposta no día de hoxe e convén axilizar a resolución dos expedientes. Ratifícase a urxenza por unanimidade da Xunta de Goberno Local e inclúese o asunto seguinte, de obras e urbanismo na presente sesión.

- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Expte: 235/2010

.- Expte. de obras 235/2010.- [REDACTED] Para a **renuncia expresa de licenza urbanística** de construción de vivenda unifamiliar en parcela sita no [REDACTED] parroquia de Meirás, con referencia catastral [REDACTED]

Visto que por este Concello con relación ao expediente número 235/2010, concedeuse licenza urbanística referida instada polo interesado con data 21 de novembro de 2012, mediante Xunta de Goberno Local, para a construción dunha vivenda unifamiliar, e que respecto diso se constata que non se chegaron a iniciar actos en execución da mesma.

Considerando que no artigo 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, e os artigos 351 e ss do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia; así como nos artigos 84 e 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas –LPACAP-, establécese que a Administración aceptará de plano a renuncia e declarará concluído o procedemento salvo que, acudíndose no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da renuncia, e que se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fóra conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento. Respecto diso, debe indicarse que non hai terceiros acudidos no procedemento, e que a cuestión suscitada non entraña interese xeral nin hai conveniencia para a súa resolución por obedecer a un mero interese particular do interesado na execución dunha actuación urbanística na súa propiedade. Resulta deste xeito posible a renuncia do dereito para exercer as facultades adquiridas cunha licenza urbanística, o que supón a extinción da mesma.

Visto Informe emitido pola Policía Local de data 28 de febreiro de 2023 no que se indica que na parcela que se corresponde coa referencia catastral [REDACTED] non se realizaron as obras de construción de vivenda unifamiliar ás que se fai referencia no expediente 235/2010, favorable a renuncia da refererida licenza urbanística.

E de conformidade cos antecedentes expostos, e vistas as atribucións que nesta materia confíreme o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO. - Aceptar de plano a renuncia á licenza urbanística de construción de vivenda unifamiliar outorgada mediante Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2012, para a realización de actuación urbanística consistente en construción dunha vivenda unifamiliar , en parcela sita [REDACTED] con número de expediente 235/2010, todo iso #de acordo con o solicitado en data 20 de febreiro de 2023 e número de R.G.E 202300000000549, por D./Dª [REDACTED] e dar por finalizado o procedemento e archivar as actuacións, de tal xeito que dita licenza non terá efectos nin validez dende a data da notificación da presente resolución.

Advírteselle expresamente que a execución das obras sen o preceptivo título habilitante, comportará a apertura de expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador que corresponda.

SEGUNDO. - **Non procede a devolución do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO)**, por non estar acreditado o pagamento da mesma.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

Valdoviño, 30 de Marzo de 2023.
O Alcalde
Alberto González Fernández”

Vista a proposta de Alcaldía que antecede, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/